



(Sello da Cooperación)

(Síntoma do Presidente)

Folle N.º \_\_\_\_\_

Serie A N.º 2790318

Nº PELL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

## Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 16 de marzo de 2018

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o dezaseis de marzo do ano douce mil dezoito, ás nove horas e cinco minutos, reúñese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Pablo Pérez Pérez, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a mayoría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dâ fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharrón Gosende.

Non asiste o deputado provincial don Plácido Álvarez Dobaño, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudio e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 5 DE MARZO DE 2018.-**  
Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o dia cinco de marzo de douce mil dezoito, a Xunta de Goberno da Deputación acordou, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

**2.- INCORPORACIÓN Ó PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2018 DAS OBRAS N.º 230/POS/2018, "EDAR PARA O TRATAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS NA ZONA DO CORGO" E N.º 231/POS/2018, "SENDEIRO Á ILHA DE PAZOS", NO TERMO MUNICIPAL DE MUÍÑOS.-** Á vista da solicitude formulada polo Concello de Muíños, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

- Incorporar ó Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2018, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública, das obras denominadas "EDAR para o tratamento de augas residuais na zona de O Corgo" e "Sendeiro á illa de Pazos" --termo municipal de Muíños-, cos números 230/POS/2018 e 231/POS/2018 e uns orzamentos de 161.903,33 € e 60.872,83 €,



(Sello da Deputación)

(Síntoma do Presidente)

Folle N.º

Serie A N.º 2790318

APEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

## Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 16 de marzo de 2018

respectivamente, financiados ó 75% polo programa INTERREG V A ESPAÑA-PORUTGAL 2014-2020 (POCTEP) a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea con cargo ó proxecto "Raia Termal".

**3.- AUTORIZACIÓN DE VENDA DUNHA ROZADORA, SOLICITADA POLO CONCELLO DE RAMIRÁS.**- Mediante acordo da Xunta de Goberno desta Deputación de data 17 de abril de 2015, foille concedida una subvención nominativa ao Concello de Ramirás por importe de 20.000,00 €, para a adquisición dunha rozadora.

Mediante escrito de data 12 de febreiro de 2018 (NRE 5014), este concello solicita autorización a esta Deputación Provincial para poder realizar o alleamento do tractor adquirido con cargo á subvención arriba indicada, por ter adquirido un novo tractor e rozadoras para realizar tarefas de limpeza.

O artigo 31.4 a) da Lei xeral de subvencións, establece que as bases reguladoras fixarán o período durante o cal o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos no caso de bens inscribibles nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens.


Así mesmo, no artigo 31.5 do texto legal referido, indícase que non se considerará incumprida a obriga de destino, cando, tratándose de bens non inscribibles, fosen substituídos por outros que sirvan en condicións análogas ao fin para o que se concedeu a subvención, sempre que a subsitución fose autorizada pola Administración concedente.

No actual suposto, estamos ante a adquisición dun vehículo (tractor), o cal, para os efectos do previsto nos artigos 31.4 e 31.5 da Lei xeral de subvencións, consideramos como ben non inscribible nun rexistro público, xa que os rexistros administrativos aos que tería acceso non permiten realizar a anotación ali prevista.

No acordo de concessión da subvención de referencia non se indicaba o período durante o que o beneficiario estaba obrigado a destinar a rozadora ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, polo que se entende que debe ser durante dous anos, que é o período mínimo establecido legalmente e que polo tanto, xa tería rematado.

Baseándose no anteriormente exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Autorizar, ao Concello de Ramirás, ao alleamento do tractor adquirido coa subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno do 17 de abril de 2015.



## Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 16 de marzo de 2018

**4.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES OS CONSELLOS REGULADORES DAS DENOMINACIÓNS DE ORIXE VITIVINICOLAS PARA ACCIÓN DE PROMOCIÓN E XESTIÓN DURANTE O ANO 2018.**- Unha vez visto o informe-proposta da xefa da Sección de Subvencions de resolución do concurso público para a concessión de subvencions aos consellos reguladores das denominacions de orixe vitivinicolas para acción de promoción e xestión durante o ano 2018, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1º) Concederelles ás seguintes entidades as subvencions polos importes que de seguido se indican:

CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE MONTEIRO	50.000,00 €
CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE VALDEORRAS	50.000,00 €
CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRO	50.000,00 €
CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRA SACRA	50.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>200.000,00 €</b>

2º) A xustificación da subvención concedida deberá realizarse ante a Deputación antes do 31 de outubro de 2018, mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos documentos establecidos na base décimo primeira das que rexen a convocatoria de referencia.

3º) Dispor a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

**5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á AGRUPACIÓN CORAL DE RUADA.**- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 48911-33420, unha subvención nominativa, por importe de 6.000,00 euros, a favor da Agrupación Coral de Ruada, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencions que a dita solicitude cumple co establecido na lexislación de subvencions e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Agrupación Coral de Ruada, nos seguintes termos:

**Importe:** 6.000,00 €.

**Objecto:** gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.



## Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 16 de marzo de 2018

**Xustificación:** a subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a solicitude previa do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concretar causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dñe o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeito do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obtiga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuzo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxcitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da



## Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 16 de marzo de 2018

Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018

**6.- ASUNTOS DE URXENCIA.**- Trala unánime declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, a Xunta de Goberno adoptou o seguinte acordo.

**6.a) EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA EXECUCIÓN DA OBRA "ACONDICIONAMENTO E MELLORA NA OU-0861 (PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+900+3+000), N.º 107/POS/2017, NO TERMO MUNICIPAL DO BOLO.**- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, e trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

1. Aprobar o proxecto técnico da obra de acundicionamento e mellora na OU-0861 (puntos quilométricos 0+900+3+000), n.º 107/POS/2017, no municipio do Bolo, así como o anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.
2. Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
3. Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da Lei de estradas de Galicia.

Predio	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Propietario	Calificación	Dominio M <sup>2</sup>
1	46	268	32016A01600268	- FLORENTINO RIVERA	VIÑA SECANO	160.26
2	46	267	32016A01600267	- DOSENDA PRIETO SALGADO	LABRADIO SECANO	79.21
3	46	265	32016A01600265	- ADOLFO VEGA PORRO	VIÑA SECANO	130.23
4	49	4	32016A01900004	- RAFAEL PÉREZ PRIMO	VIÑA SECANO	75.16
5	46	264	32016A04600264	- JOSE FERNANDEZ ALVAREZ	PRADO	30.37
6	49	1	32016A04900001	- JOSE FERNANDEZ ALVAREZ	MATAGUEIRA	107.12
7	46	39t	32016A0160039t	- FLORINDO RIVERA	MONTE BAIXO	505.97
8	51	175	32016A05100175	- AURORA ABELAIRA DÍAZ	MATAGUEIRA	4.02
9	51	173	32016A05100173	- OLIMPIO RIVERA RIVERA	MONTE BAIXO	127.73

4. Publicar e notificarles este acordo aos interesados, de conformidade cua lexislación vixente.



(Sello do Presidente)

Folle N.º \_\_\_\_\_

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 16 de marzo de 2018**

APL. NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

**7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**- Non se presentaron.

**8.- ROGOS E PREGUNTAS.**- Non se formularon.

E, ás nove horas e quince minutos, do referenciado día dezaseis de marzo do ano douce mil dezaoito, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

**O PRESIDENTE,**

Handwritten signature of the President.

**O SECRETARIO,**

Handwritten signature of the Secretary.